

MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, CONCELLEIRO SECRETARIO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO,

CERTIFICO:

Que a Xunta de Goberno Local, na sesión ORDINARIA celebrada o día vinte e cinco de outubro de dous mil dezasete, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

14/650 CONTRATACIÓN DA REALIZACIÓN DE ESTUDOS E PROPOSTAS TÉCNICAS SOBRE A PRAZA DE ABASTOS, A REDACCIÓN DUN PROXECTO DE OBRA, DIRECCIÓN DE OBRA E COORDINACIÓN EN MATERIA DE SEGURIDADE E SAÚDE DURANTE A EXECUCIÓN DAS OBRAS DE REHABILITACIÓN DA PRAZA DE ABASTOS. EXECUCIÓN DA SENTENZA NÚM. 243/2017 DA SECCIÓN 2ª DA SALA CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO DO TRIBUNAL SUPERIOR DE XUSTIZA DE GALICIA POLA QUE SE ESTIMA O RECURSO CONTENCIOSO ADMINISTRATIVO INTERPOSTO POR ABADEUS ARQUITECTURA, S.L.P., CONTRA A RESOLUCIÓN MUNICIPAL DE EXCLUSIÓN DO PROCEDIMENTO E DESIGNACIÓN DE NOVOS MEMBROS DA MESA DE CONTRATACIÓN.- Examinado o expediente tramitado para os efectos e visto o informe proposta do Xefe do Servizo de Contratación e da Técnica do Servizo de Contratación, do 16 de outubro de 2017 que, na súa parte expositiva fai constar:

“Examinado o expediente de referencia e vistos:

1.- Acordo da Xunta de Goberno Local número 13/620, do 14 de agosto de 2013, polo que se aproba a CONTRATACIÓN DA REALIZACIÓN DE ESTUDOS E PROPOSTAS TÉCNICAS SOBRE A PRAZA DE ABASTOS, A REDACCIÓN DUN PROXECTO DE OBRA, DIRECCIÓN DE OBRA E COORDINACIÓN EN MATERIA DE SEGURIDADE E SAÚDE DURANTE A EXECUCIÓN DAS OBRAS DE REHABILITACIÓN DA PRAZA DE ABASTOS, CUN 80% DE COFINANCIAMENTO DA UNIÓN EUROPEA A TRAVÉS DO FONDO EUROPEO DE DESENVOLVEMENTO REXIONAL (PO FEDER Galicia 2007-2013), os pregos de cláusulas administrativas e prescricións técnicas e o gasto.

2.- Acta da Mesa de contratación do 18 de outubro de 2013 de admisión de licitadores e apertura do sobre B de proposta técnica e remisión a informe técnico do aparelador e arquitecto municipal así como da responsable do Plan Urban.

3.- Informe conxunto do arquitecto e aparelador municipais e responsable do Plan URBAN, do 25 de outubro de 2013, de avaliación das propostas técnicas presentadas. En relación coa proposta de ABADEUS ARQUITECTURA, S.L.P., os informantes indican que se cambia de situación un 75% dos postos de alimentación concluíndo que a proposta non se axusta ao requirido no prego.

4.- Acta da Mesa de contratación do 13 de novembro de 2013 no que se dá lectura ao dito informe técnico á vista do cal a Mesa acorda excluír da licitación á empresa ABADEUS ARQUITECTURA S.L.P.

ACTAS E GOBERNO

MGF/cal

Refª: 17x460140650

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 25-10-2017

5.- Decreto núm. 13013143, do 27 de decembro de 2013, da Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Económica, Emprendemento, Autónomos e Educación polo que se exclúe á mercantil ABADEUS ARQUITECTURA S.L.P.

6.- Recurso de reposición presentado por ABADEUS ARQUITECTURA S.L.P., en data 20 de decembro de 2013, contra a exclusión acordada pola Mesa de Contratación.

7.- Acordo núm. 24/179 da Xunta de Goberno Local, do 19 de marzo de 2014, de desestimación do recurso de reposición interposto.

8.- Sentenza número 171/2016 do Xulgado Contencioso-Administrativo nº 1 de Lugo do 31 de maio de 2016 desestimatoria do recurso contencioso-administrativo interposto por ABADEUS ARQUITECTURA, S.L.P., contra o Decreto 13013143, do 27 de decembro de 2013.

9.- Sentenza número 243/2017 da Sección 2ª da Sala Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia do 18 de maio de 2017 polo que se estima o recurso de apelación contra a Sentenza do Xulgado Contencioso-Administrativo de Lugo revogándoa, **anula a resolución municipal do 27 de decembro de 2013 pola que se excluíu ao recorrente do procedemento e ordena a retroacción do expediente de contratación para que unha vez eliminada a anulada exclusión se complete a súa tramitación ata ditar nova resolución sobre a adxudicación.**

10.- Comunicación de firmeza da sentenza enviada polo Xulgado Contencioso-Administrativo núm. 1º de Lugo e notificada o 2 de outubro de 2017.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

PRIMEIRA.- A Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia estima mediante sentenza 243/2017, do 18 de maio de 2017, o recurso de apelación promovido por ABADEUS ARQUITECTURA, S.L.P., contra a sentenza do Xulgado Contencioso-Administrativo nº 1 de Lugo do 31 de maio de 2016 desestimatoria do recurso contencioso-administrativo interposto por ABADEUS ARQUITECTURA S.L.P contra o Decreto 13013143 da Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Economía, Emprendemento, Autónomos e Educación polo que se excluíu á mercantil ABADEUS do procedemento de contratación da REALIZACIÓN DE ESTUDOS E PROPOSTAS TÉCNICAS SOBRE A PRAZA DE ABASTOS, A REDACCIÓN DUN PROXECTO DE OBRA, DIRECCIÓN DE OBRA E COORDINACIÓN EN MATERIA DE SEGURIDADE E SAÚDE DURANTE A EXECUCIÓN DAS OBRAS DE REHABILITACIÓN DA PRAZA DE ABASTOS.

Esta sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia revoga a Sentenza do Xulgado Contencioso-Administrativo de Lugo por entender que *“no se aprecia que la oferta de la apelante incurra, en el aspecto sobre recolocación de puestos de venta, en una tan radical preterición del pliego técnico que merezca ser considerada como suficiente para entender que tal oferta resulta desvinculada del sentido, objeto y finalidad de la licitación hasta el punto de justificar su exclusión, cuando dicha oferta presenta, al menos, un cierto grado de conexión con las referidas matizaciones incluídas en el propio pliego técnico...”* e **anula a resolución municipal do 27 de decembro de 2013 pola que se excluíu ao recorrente do procedemento ordenando a retroacción do expediente de contratación para**

que unha vez eliminada a anulada exclusión se complete a súa tramitación ata dítar nova resolución sobre a adxudicación.

O artigo 103.2 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa establece que “As partes están obrigadas a cumprir as sentenzas na forma e termos que nestas se consigner” e o artigo 104 “Logo que sexa firme unha sentenza comunicarse no prazo de dez días ó órgano que tivese realizado a actividade obxecto do recurso a fin de que, unha vez acusado recibo da comunicación en idéntico prazo dende a recepción, a leve a puro e debido efecto e practique o que esixa o cumprimento das declaracións contidas no fallo e no mesmo prazo indique o órgano responsable do seu cumprimento”.

Procede, polo tanto, acordar a execución da sentenza nos seus propios termos para o cal se debe retrotraer o procedemento ao momento no que a Mesa de Contratación acordou a exclusión do licitador por entender que non cumpría as esixencias do prego técnico e, en execución da sentenza, admitila e proceder á valoración da proposta técnica presentada por ABADEUS conforme ós criterios non avaliados automaticamente sinalados na cláusula décimo segunda, tras o cal a Mesa de Contratación procederá –no caso de obter a puntuación mínima de 30 puntos – á apertura do sobre C (oferta económica) e a unha nova proposta de adxudicación.

Cómpre salientar neste punto que a continuación no seu momento da tramitación do expediente de contratación – a pesar da interposición de recurso administrativo e contencioso no que non se adoptou medida cautelar de suspensión - levou consigo a adxudicación e formalización do contrato coa mercantil MERCADOS CENTRALES DE ABASTECIMIENTO, S.A., estando o mencionado contrato executado na data actual. Por este motivo, unha eventual proposta de adxudicación a favor dun licitador distinto do que executou a dita prestación conduciríanos á avaliación das consecuencias indemnizatorias ou resarcitorias pertinentes.

SEGUNDA.- Os pregos de cláusulas administrativas reguladoras do contrato aprobados por acordo núm. 13/620 da Xunta de Goberno Local, do 14 de agosto de 2013, establecían na cláusula décimo primeira a composición da Mesa de Contratación, que estaba integrada por:

PRESIDENTA: A Concelleira delegada da Área de Economía, Emprendemento, Autónomos e Educación.

VOGAIS:

- O Concelleiro Delegado de Urbanismo
- Un concelleiro de cada un dos grupos políticos que forman a Corporación
- Interventor Xeral ou funcionario/a que o substitúa
- Un representante da Asesoría Xurídica do Concello ou funcionario/a que a substitúa.

SECRETARIO: O Xefe do Servizo de Contratación ou funcionario/a que o substitúa.

Con posterioridade a este acordo, a nova Corporación Municipal decidiu que a composición das mesas de contratación estivese formada exclusivamente por traballadores municipais non formando parte dela ningún concelleiro da Corporación, de xeito que a Xunta de Goberno Local por acordo número 32/507 do día 15 de xullo de 2015 aprobou o seguinte:

ACTAS E GOBERNO

MGF/cal

Refª: 17x460140650

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 25-10-2017

“PRIMEIRO.- Designar como membros das Mesas de Contratación nos expedientes de contratación das obras, servizos e subministracións anteriormente relacionados e que se enumeran nos puntos seguintes, sen prexuízo das substitucións que procedan cando sexa necesario, aos seguintes traballadores municipais:

Presidente: Xefe do servizo de contratación ou persoal que o substitúa.

Secretario: Técnico do servizo de contratación ou persoal que o substitúa.

Vogais:

-Titular da Asesoría Xurídica ou persoal que o substitúa.

-Interventor xeral ou persoal que o substitúa.

-Titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local (Vicesecretaria) ou persoal que o substitúa.

-O Secretario Xeral do Pleno.”

Así mesmo e como vogal tamén forma parte da Mesa un/unha técnica do servizo/departamento correspondente (xestor do gasto).

Tendo en conta que a execución da sentenza implica retrotraer o expediente e que debe intervir a Mesa de Contratación é necesario proceder a unha nova designación de membros acorde coa decisión municipal.

No seu momento formaba parte da mesa de contratación como concelleiro da área correspondente á unidade xestora o Concelleiro Delegado de Urbanismo e Arquitectura e figuraban como responsables do contrato a Directora do Plan Urban e o Arquitecto Técnico Municipal; polo que parece oportuno designar como vogal ó dito Arquitecto Técnico Municipal ou persoal que o substitúa, tendo en conta ademais que o mencionado Plan Urban rematou e a Directora do mesmo xa non presta os seus servizos neste Concello.

Por outra banda, o artigo 21 do RD 817/2009, do 8 de maio, polo que se aproba o Regulamento de Desenvolvemento da Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público, establece que “A composición publicarase no perfil do contratante do órgano de contratación correspondente cunha antelación mínima de sete días con respecto á reunión que deba celebrar para a cualificación da documentación referida no artigo 130.1 da Lei 30/2007”.

TERCEIRA.- En canto ó órgano municipal competente para adoptar o acordo de execución da sentenza, de acordo co disposto na disposición adicional segunda do actual texto refundido da Lei de contratos do sector público, correspóndelle á Xunta de Goberno Local.”

A Xunta de Goberno Local, no uso das atribucións que lle confire a disposición adicional segunda do Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público, con base na proposta do referido servizo conformada pola Tenenta de Alcalde Delegada da área respectiva, e por unanimidade dos seguintes asistentes: Ilma. Sra. D.ª ANA PRIETO NIETO, Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Goberno de Economía, Emprego e Desenvolvemento Económico (Grupo Municipal Socialista -GMS-), que preside a sesión; Ilmo. Sr. D. MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, Tenente de Alcalde Delegado da Área de Goberno de Medio Rural e

Deportes (GMS); Ilma. Sra. D.^a MARÍA DEL CARMEN BASADRE VÁZQUEZ, Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Goberno de Cultura, Turismo, Xuventude e Promoción da Lingua (GMS); Ilma. Sra. D.^a ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Goberno de Benestar Social, Igualdade e Inclusión (GMS); Ilmo. Sr. D. XOSÉ DANIEL PIÑEIRO VILLARES, Tenente de Alcalde Delegado da Área de Goberno de Desenvolvemento Sostible e Persoal (GMS); Ilma. Sra. D.^a ROSANA RIELO ROZAS, Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Goberno de Concello e Cidadanía e o Ilmo. Sr. D. MANUEL NÚÑEZ LÓPEZ, Tenente de Alcalde Delegado da Área de Goberno de Educación e Infraestruturas Urbanas, **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Executar a sentenza número 243/2017 da Sección 2ª da Sala Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia do 18 de maio de 2017 polo que se estima o recurso de apelación contra a sentenza do Xulgado Contencioso-Administrativo de Lugo que revoga, e polo que se anula a resolución municipal do 27 de decembro de 2013 que excluíu ao recorrente do procedemento.

SEGUNDO.- Acordar, en execución da dita sentenza, a retroacción do expediente de contratación ao momento no que a Mesa de Contratación acordou a exclusión do recorrente, debendo a Mesa admitilo no procedemento e proceder á valoración da proposta técnica presentada por ABADEUS ARQUITECTURA, S.L.P., conforme ós criterios non avaliábeis automaticamente sinalados na cláusula décimo segunda, tras o cal a Mesa de Contratación procederá – en caso de obter a puntuación mínima de 30 puntos – á apertura do sobre C (oferta económica) e á unha nova proposta de adxudicación.

TERCEIRO.- Designar como membros da Mesa de Contratación no expediente de contratación de referencia a:

Presidente: Xefe do Servizo de Contratación ou persoal que o substitúa.

Secretario: Técnico do Servizo de Contratación ou persoal que o substitúa.

Vogais:

- Titular da Asesoría Xurídica ou persoal que o substitúa.
- Interventor Xeral ou persoal que o substitúa.
- Titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local (Vicesecretaria) ou persoal que o substitúa.
- O Secretario Xeral do Pleno.
- Arquitecto Técnico Municipal ou persoal que o substitúa.

CUARTO.- Continuar coa tramitación do expediente de contratación.

ACTAS E GOBERNO

MGF/cal

Refª: 17x460140650

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 25-10-2017

QUINTO.- Notificarlles esta resolución ás partes interesadas, dependencias municipais afectadas e Xulgado número 1 do Contencioso-Administrativo de Lugo.

SEXTO.- Que se proceda á publicación deste acordo no perfil do contratante do Concello de Lugo de conformidade co establecido no artigo 21 do R.d. 817/2009, do 8 de maio, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público.

E para que así conste no expediente, coa expresa advertencia prevista no artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais de que a acta da sesión na que foi adoptado o acordo transcrito aínda non foi aprobada, e a reserva dos termos que resulten da aprobación desta, expídese esta certificación de orde da Excma. Sra. Alcaldesa, dona Lara Méndez López, coa súa sinatura e a do Secretario da Xunta de Goberno Local, don Miguel Fernández Méndez.